


Os mercados que promovemos queren ser **puntos de encontro entre as persoas, recuperando os espazos públicos para reconecernos como cidadanía**, facemos vida, lecer, propostas de ocio non lucrativo, degustacións, demostracións do que somos, sentimos e defendemos, dándolle un uso ao espazo público a xeito de ágora moderna.



**Dende os Foros Ecolóxicos da Barbanza podemos facer unha doce revolución, e desligarnos daquelas empresas que non respectan a xente e o medio ambiente, un vínculo que nos está matando paseniñamente e sen darnos conta.**



**XUNT@S PODEMOS FACER MOITAS COUSAS!**

Contacta connosco:

- Grupo de Fb: <https://www.facebook.com/groups/604270816298163/>
- Lista de correos: [foroecolribeira@altermundo.org](mailto:foroecolribeira@altermundo.org)
- Telefónos de contacto: 663 56 28 18 (Manolo); 695 48 46 43 (Pili); 619 85 38 64 (Gonzalo); 630 55 95 25 (Tina); 635 05 15 85 (Nela).

# SACHOS Á RÚA!

## Feiras labregas da Barbanza



**ORGANIZA:  
FOROS ECOLÓXICOS DA BARBANZA**

colabora



# OS FOROS ECOLÓXICOS DA BARBANZA

## QUEN SOMOS?

Os Foros Ecolóxicos son asembleas de persoas da Barbanza, interesadas polos temas da agricultura ecolóxica, a alimentación sa e o comercio xusto.

## QUE QUEREMOS?

- Alimentarnos de maneira **consciente, sa e natural**.
- Promover un tipo de produción sen fertilizantes químicos, sen plantas modificadas xeneticamente, sen pesticidas, insecticidas, químicos... **sen nada que dane a nosa saúde**. Unha agricultura **sustentable no tempo e respectuosa coa natureza**.
- Potenciar o consumo de **produtos de proximidade**.
- Contribuír a que as persoas que producen alimentos poidan **vivir decentemente do seu traballo**.
- Poñer a andar **asociacións e cooperativas de produción e consumo**.
- Promover a **venta de produtos naturais** organizando feiras e mercados.
- En definitiva...**COMPARTIR SABERES!**



## COMO FUNCIONAMOS?

- Traballamos dun xeito **assembleario, aberto, participativo**. Sen dirixentes nin estrutura organizativa.
- Temos **reunións presenciais** unha vez ao mes, e comunicámonos de xeito cotiá a través dun grupo de **correo electrónico**.
- Tamén temos un **grupo de Facebook** que utilizamos para compartir novas e difundir información en aberto.

## ACTIVIDADES

Desde os nosos inicios, levamos feito unha chea de actividades. Pero agardamos facer moitas máis. Entre outras:

- Cursos de formación en produción ecolóxica.
- Obradoiros de formación sobre as plantas do noso entorno e as súas propiedades.
- Intercambios de sementes, tanto entre a xente do noso grupo, como con outros grupos similares de outras zonas.
- Obradoiros de cremas, xabóns, deterxentes...elaborados con plantas e produtos naturais.
- Cursos de conservas de alimentos feitas de xeito natural.
- Todo tipo de cursos e obradoiros relacionados cos produtos naturais.

